



PROXECTO PILOTO DE ASISTENCIA PERSOAL

PANEL “BOAS PRÁCTICAS DAS ENTIDADES SOCIAIS NOS PROCESOS DE DESINSTITUCIONALIZACIÓN”



PROXECTO RUMBO

CARA UN MODELO DE AUTONOMÍA PERSOAL CONECTADA E INCLUSIVA



O proxecto tivo por obxectivo **impulsar o deseño de modelos innovadores de apoio á autonomía persoal, á vida independente e á participación social** das persoas con discapacidade, mediante a combinación de servizos e recursos que puideran facilitar formas de vida inclusivas en condicións de seguridade, accesibilidade e benestar.

Executouse entre 2022 e 2024, de forma coordinada entre 22 entidades do terceiro sector a nivel estatal.



Desde Dano Cerebral Galicia desenvolvimos actividades en tres liñas de acción.

Liña de acción 1: Transición á vida independente con asistencia persoal

Liña de acción 2: Servizos sociosanitarios de proximidade

Liña de acción 3: Participación e promoción da cidadanía activa





DEFINICIÓN

A ASISTENCIA PERSOAL

É “**un servizo de apoio á Vida Independente e á promoción da autonomía**” (Oficina de Vida Independente de Galicia).

O/a asistente persoal é aquel/a profesional que realiza ou apoia ás persoas con discapacidade para que poidan vivir de forma independente e participar na sociedade de xeito inclusivo.



Movemento de Vida Independente

A existencia da asistencia persoal baséase no desexo e dereito das persoas con diversidade funcional para controlar as súas propias vidas e vivilas con dignidade (Romañach y Rodríguez – Picavea, 2006), é dicir, céntrase no apoio ao desenvolvemento dos Proxectos de Vida Independente, entendendo estes como o conxunto de propósitos, obxectivos, actividades e expectativas que dan sentido á vida, estando conectados cos valores de cada persoa. (FEDACE, 2022).



PROMOCIÓN DE LA VIDA INDEPENDIENTE
A TRAVÉS DE LA ASISTENCIA PERSONAL
EN EL DAÑO CEREBRAL





OBXECTIVOS



OBXECTIVO XERAL

- ✓ Contribuir á implantación dun servizo de asistencia persoal para persoas con dano cerebral adquirido en Galicia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Promover a especialización formativa en asistencia persoal en dano cerebral adquirido para profesionais do sector sociosanitario.
- ✓ Difundir información sobre asistencia persoal como recurso de apoio á vida independente entre o movemento asociativo galego de DCA.
- ✓ Pilotar proxectos de Vida Independente mediante a asistencia persoal.
- ✓ Definir as bases metodolóxicas e organizativas que permitan a implantación do servizo.





METODOLOGÍA

BLOQUE I: Formación

Colaboración e apoio na organización e difusión das seguintes formacións:

‘**Curso de asistencia personal especializado en daño cerebral adquirido**’ deseñada e impartida por Enclave Social Consultoría para ONGs.

50 horas

‘**Programa Universitario Superior en Asistencia Personal en Daño Cerebral Adquirido**’ desenvolta por Daño Cerebral Estatal en colaboración da Federación de Salud Mental de Castilla y León e de La Salle Centro Universitario, co aval do Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI).

100 horas
4 cdts







METODOLOXÍA

BLOQUE II: Proxecto piloto de asistencia persoal

Ponse en marcha un proxecto piloto de asistencia persoal con dúas persoas profesionais seleccionadas entre o alumando do Programa Superior Universitario e con dúas persoas con DCA socias das asociacións membro Dano Cerebral Santiago de Compostela e Dano Cerebral Lugo.



6 meses



Reunións semanais co/as AP e quincenais con las persoas participantes e de apoio



RESULTADOS

BLOQUE I: Formación



33 persoas recibieron formación en asistencia persoal especializada no dano cerebral adquirido en Galicia

BLOQUE II: Proxecto piloto de asistencia persoal



O 100% das participantes refire unha **satisfacción alta e moi alta**, opina que o servizo supón **un beneficio** repercutindo positivamente no seu día a día, **gustaríalles que tivera continuidade e recomendarían o servizo** a outras persoas






DIFICULTADES



- ✓ Carencia de formación específica e regrada sobre asistencia persoal e, máis concretamente, centrado en persoas con dano cerebral adquirido.
- ✓ A falta de coñecemento por parte da poboación sobre a existencia desta figura profesional.
- ✓ Escaseza de profesionais formadxs na asistencia persoal.
- ✓ As flexibilidade horaria intrínseca ao posto de traballo.
- ✓ Dificultades económicas.
- ✓ O desprazamento dxs asistentes persoais aos domicilios en zonas rurais.





Rúa Galeras, 17, 2º andar, oficina 5
15705 Santiago de Compostela
881 943 148 | 659 177 709
danocerebralgalia.org